

PLAN DIXITAL

[CRA A LAGOA]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

Datos básicos do centro

Tipo de colexio: Colexio Rural Agrupado de Educación Infantil.

- Denominación: C.R.A. “A Lagoa” - Arantei
- Enderezo da escola: Carrilla, 5 - ARANTEI
- Código Postal: 36450
- Teléfono/fax: 637 19 55 78.
- Código do centro: 36024070
- Correo electrónico: aula.arantei@gmail.com
- Páxina Web : CRA A Lagoa
- Titularidade do Centro: Pública
- Nº de unidades: 1 de 2º ciclo de E. I.
- Horario do centro: Réxime de xornada continuada de 9:00h a 14:00h
- Postos de traballo: 8
- Número de alumnado: 8 alumn@s
- Centro ao que está adscrito:
 - C.E.P. “Carlos Casares”

A sede do C.R.A. atópase na rúa Rosalía de Castro, nº 108 de Salvaterra de Miño.

1 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

2 Dende o punto de vista socio-económico atópase dentro do contexto de Rexión Urbana de Vigo que é a que proporciona maior número de ofertas laborais non agrarias aos seus veciños.

- Caracterizado por un clima húmido con gradación mediterránea, este concello ten unha clara tradición hortícola e vinícola, acadando cada ano máis importancia a “Festa do viño do Condado”. Non podemos esquecer na bioxeografía a súa fauna piscícola, especialmente as troitas e as lampreas debido a gran influencia que exerce nestas terras o río Miño fronteira limítrofe co veciño Portugal.
- A pirámide de idade revela unha poboación desequilibrada, froito da emigración. É importante salientar que en moitos casos os nenos e as nenas viven na mesma casa con pais e avós, o que axuda á continuidade e supervivencia de tradicións e costumes. Aínda que hai que destacar que nos últimos anos a tendencia está cambiando, xa que foron varias parellas de xóvenes que mercaron vivenda en Salvaterra hai uns anos, co que agora prodúcense máis nacementos que hai uns anos.
- O concello de Salvaterra está a vivir nos últimos anos un importante proceso de industrialización, favorecido entre outras causas pola mellora das comunicacións e polo proxecto da implantación no concello da plataforma loxística do Porto Seco.

Contribución do Plan Dixital ao PE PXA E OUTROS PLANS...

- O Plan Dixital será un instrumento que promova a innovación e saque o máximo partido ás tecnoloxías da información e comunicación, facilitando o acceso e uso dos recursos educativos dixitais e desenvolvendo a competencia dixital dentro do proceso de ensino aprendizaxe.
 - Contribúe desta forma a abordar a finalidade da etapa de Educación Infantil "o desenvolvemento Integral do neno" a través de obxectivos e competencias nas diferentes áreas de aprendizaxe quedando reflectido nas Programacións de Ciclo, Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, así como plans e proxectos do centro (Plan Tic) para a competencia dixital ou futuras formacións realacionadas con esta materia.
 - O plan dixital formará parte do PE e da PXA

3 1.3. Breve xustificación do mesmo

4 Artigo 111 bis. Tecnoloxías de la Información y la Comunicación.

1. O Ministerio de Educación e Formación Profesional establecerá, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os estándares que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema Educativo Español, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

Para iso, identificaranse os tipos básicos de sistemas de información utilizados polas Administracións educativas, tanto para a xestión académica e administrativa como para o soporte á aprendizaxe, e determinaranse as especificacións técnicas básicas dos mesmos e os distintos niveis de compatibilidade e seguridade no tratamento dos datos que deben alcanzar. Dentro destas especificacións, consideraranse especialmente relevantes as definicións dos protocolos e formatos para o intercambio de datos entre sistemas de información das Administracións educativas.

Estas medidas tamén irán encamiñadas a potenciar e a facilitar o aproveitamento dos rexistros administrativos no marco das estatísticas educativas estatais, para posibilitar a ampliación da información estatística referida ao alumnado, o profesorado, os centros e as xestións educativas, o que redundará na mellora das ferramentas de análises e de seguimento da actividade educativa e das medidas de mellora da calidade do Sistema Educativo Español.

No marco da implantación das citadas medidas, dentro dos sistemas de información propios da xestión académica e administrativa regularase un número identificativo para cada alumno ou alumna, a fin de facilitar o intercambio da información relevante, o seguimento das traxectorias educativas individualizadas, incluíndo as medidas educativas que no seu caso se puideron aplicar, e atender demandas da estatística estatal e internacional e das estratexias europeas para os sistemas de educación e formación. En calquera caso, dita regulación atenderá á normativa relativa á privacidade e protección de datos persoais.

2. As contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por iso deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe.

3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

5. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e

seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

6.O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

7. As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións.

En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros.

Artigo 121. Proxecto educativo.

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

2. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna. O proxecto recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.»

2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo devandita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As Administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación de @dicha medidas.»

2 Ter O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, expóñanse as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e a contorna.»

3. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da

comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

4. Corresponde ás Administracións educativas favorecer a coordinación entre os proxectos educativos dos centros de educación primaria e os de educación secundaria obrigatoria con obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.

5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignan as actividades que pais, profesores e alumnos comprométense a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

6. O proxecto educativo dos centros privados concertados, que en todo caso deberá facerse público, será disposto polo seu respectivo titular e incorporará o carácter propio ao que se refire o artigo 115 desta Lei.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Quinto. Horario de libre configuración do centro

- De conformidade co establecido no artigo 8.5 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas recollidas no artigo 8 do citado decreto. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e logo de autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa.
- Tal e como se recolle no anexo IV do citado Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as horas de libre configuración do centro desenvolveranse no cuarto e no sexto curso de educación primaria cunha carga lectiva dunha hora.
- Durante o curso 2021/22 o horario establecido como de libre configuración do centro dedicárase prioritariamente ao reforzo das áreas que determine o centro.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

- Terceiro. Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital 1. Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.
2. Para o deseño e elaboración do Plan Dixital porase a disposición de toda a comunidade educativa, a través do portal educativo, un espazo específico de competencia dixital na que se recollera toda a información e ferramentas para o seu desenvolvemento: <https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>.


5 Proceso de elaboración

Para levar a cabo a elaboración do PD fixéronse reunións (CISCO E PRESENCIAIS) para dar a coñecer, comentar e analizar os datos obtidos do SELFIE e do Test CDD.

Levouse a cabo outra reunión (non presencial) con todo o equipo docente para concretar os obxectivos do Plan de acción que queremos acadar o próximo curso (plan de acción) e que máis tarde concretamos en indicadores e accións nunha reunión presencial o equipo de dinamización do PD.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais



1 Fontes empregadas para a análise DAFO

2 As fontes empregadas para levar a cabo a análise DAFO Cos datos numéricos que aparecen nos resultados da aplicación de SELFIE que se expoñen a continuación foron levados acabo a través dun modelo de Análise cuantitativo onde se determina unha puntuación de referencia, a media xeral do centro, por áreas.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>8</u>	<u>11</u>	<u>72,70%</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0,00%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100,00%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100,00%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0,00%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>66,20%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76;4%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>65,70%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,20%</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>6</u>	<u>46,20%</u>
B1	<u>7</u>	<u>53,80%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>13</u>	<u>100,00%</u>

3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	TODAS AS AULAS CONTAN CUN ORDENADOR, TABLET E PDI.	MOITOS DOS NÓSOS RECURSOS SON ANTIGUOS E PRECISAN SER RENOVADOS.
	PERSOAL DOCENTE	TODAS AS MESTRAS FAN USO, EN DIFERENTE MEDIDA, DAS TICS NAS AULAS, FAVORECENDO A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO. EXISTE UN EQUIPO TIC QUE PROMOVE E FOMENTA O USO DAS MESMAS.	FALTA DE TEMPO PARA ADQUIRIR MAIOR COMPETENCIA DIXITAL. DIFICULTADE PARA O MANEXO DE SOFTWARE LIBRE
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	CONTAMOS POLO XERAL CON GRUPOS DE ALUMNOS CUNHA RATIO MÁIS BAIXA POLO QUE A EDUCACIÓN É MÁIS INDIVIDUALIZADA.	O ALUMNADO É CADA VEZ MENOS AUTÓNOMO E VEN MENOS ESTIMULADO DOS FOGARES. A BAIXA EDADE DO ALUMNADO DIFICULTA O EMPREGO DALGÚNS DISPOSITIVOS INFORMÁTICOS.
	FAMILIAS	A MAIORÍA DAS FAMILIAS MÓSTRANSE MOI COLABORATIVAS EN TODOS OS ASPECTOS. ENTRE AS MEDIDAS ADOPTADAS PARA A COMUNICACIÓN ENTRE FAMILIA-ESCOLA ATOPÁMONOS COA VÍA DIXITAL E OUTRAS RELACIONADAS COAS NNNT.	BAIXA COMPETENCIA DIXITAL DALGUNHAS FAMILIAS
	OFERTA	CREACIÓN DE ACTIVIDADES CON SOPORTE TECNOLÓXICO PARA	

		LEVAR A CABO TAREFAS EDUCATIVAS (EX: ASAMBLEAS, PADLET...) CREACIÓN DE MATERIAIS PARA LEVAR A CABO DIFERENTES TIPOS DE ENSINO A TRAVÉS DOS BLOGS...	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	TRATAMOS DE SEGUIR UNNHA ESTRATEXIA DIXITAL COMÚN MEDIANTE A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.	A POUCA DISPONIBILIDADE DO PROFESORADO POLAS CARACTERÍSTICAS DO CENTRO PARA TER UN CONTACTO CONTINUO QUE FACILITE A COORDINACIÓN.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	DOTACIÓN DE MATERIAL POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA.	DIFICULTADE PARA LEVAR A CABO A LEXISLACIÓN VIXENTE, TENDO EN CONTA A POUCA ADECUACIÓN DAS FERRAMENTAS DIXITAIS CORPATIVAS EXISTENTES.
	LEXISLACIÓN	O CENTRO TEN EN CONTA A LEXISLACIÓN VIXENTE DA CONSELLERÍA ASÍ COMO OS PROTOCOLOS ACTUALIZANDO A CORDE A ESTOS AS SÚAS PROGRAMACIÓNS.	A POUCA ESTABILIDADE DOS CARGOS DIRECTIVOS NA ANPA DEBIDO O POUCO TEMPO QUE PERMANECEN OS FILL@S NO COLE.
	CONTORNA	ESCOLAS SITUADAS EN ENTORNOS TRANQUILOS E NATURAIS, MEDIOS RURAIS QUE FAVORECEN O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL.	A NOSA SITUACIÓN PROVOCA QUE AS VECES A REDE CAIGA E NON TEÑAMOS BOA CONEXIÓN E INCLUSO COBERTURA.
	ANPA		

OUTRAS ENTIDADES		

Plan de Acción

4 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Munha reunión de equipo docente establecéronse áreas prioritarias para determinar os obxectivos a acadar no vindeiro curso debido a súa relevancia.

Outro dos factores determinantes foi o marco temporal factible á hora de ser acadados nun curso escolar completo, tempo estimado e previsto para ser adquiridos).

Para rematar, concretáronse os responsables, accións xerais, temporización e recursos necesarios que concretamos nunha taboa de seguimento presente neste apartado.

5 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	EQUIPAMENTO/ SERVICIOS DIXITAIS /INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS	FINALIDADE
VESADA	Máis tablet, unha por cada 2 nenos Ordenador portátil Canón Pantalla colocada á altura dos nenos	Para traballar cos nenos diferentes cotidos a nivel dixital. Para uso das nenas, recuncho da informática, accesibilidade de máis nenos a un tempo. proxectar con mellor nitidez Traballo autónomo do alumnado e evitar sombras
FORNELOS	Ordenador portátil Cambio de lugar da PDI (evitar sombras)	Ordenador para uso dos nenos.
OLEIROS	Colocación da pizarra dixital para evitar a sombra do alumnado Acceso a internet nos portátiles da outra aula.	Realización de actividades interactivas por parte do alumnado

CABREIRA	Mellorar a proxección na pizarra dixital para evitar a sombra do propio alumno/a.	Actividades interactivas co alumnado.
PESQUEIRAS	Pantalla táctil	Actividades interactivas co alumnado
SEDE		
CORZANS	Recolocación da PDI ou proxector para evitar as sombras. Ou substitución por pantalla táctil de parede.	Realizar actividades interactivas co alumnado.
ARANTEI	<p>Recolocar a PDI ou o proxector para evitar as sombras.</p> <p>Instalar unha pantalla táctil á altura do alumnado</p> <p>Renovar os ordenadores da aula</p>	<p>Facer actividades interactivas</p> <p>Adicarlle máis horas ás novas tecnoloxías tendo equipos máis actualizados</p>

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	POTENCIAR O USO DE FERRAMENTAS CORPORATIVAS PARA A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS (ABALAR MÓBIL)				Acadado	
Responsable:	DIRECCIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	PORCENTAXE DO USO DA APLICACIÓN ENTRE AS FAMILIAS DO ALUMNADO					
Valor de partida: (3)	USA A APLICACIÓN UN 52% DAS FAMILIAS DO ALUMNADO					
Valor previsto e data: (4)	90% DAS FAMILIAS USANDO O ABALAR MOBIL			3º TRIMESTRE		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLE S (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:REUNIÓN DE CONCIENCIACIÓN COS MESTRES E MESTRAS DO CENTRO	EQUIPO DIRECTIVO	SETEMBRO	LUGAR DE REUNIÓN		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:AVISO ÁS FAMILIAS DO MODO DE COMUNICARSE CO CENTRO	TITORES	OUTUBRO	LUGAR DE REUNIÓN E MATERIAL FUNXIBLE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.3:REUNIÓN COAS FAMILIAS PARA EXPLICAR O FUNCIONAMENTO DA FERRAMENTA E CONCIENCIACIÓN DA SÚA IMPORTACIA	EQUIPO DIRECTIVO	XANEIRO	LUGAR DE REUNIÓN E DISPOSITIVOS MÓBILES.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
1. OBXECTIVO (1):	LEVAR A CABO UNHA HORA SEMANAL DE TICS CO ALUMNADO				Acadado	
RESPONSABLE:	XEFATURA DE ESTUDOS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	PORCENTAXE DE AULAS QUE LEVARONA A CABO A PROPOSTA					
Valor de partida (3)	10% USA AS TICS EN SESIÓNS PROGRAMADAS					
Valor previsto e data (4)	100% DAS AULAS			3º TRIMESTRE		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:REUNIÓN E PROPOSTA DE HORAS	EQUIPO DIRECTIVO E	SETEMBRO	LUGAR DE REUNIÓN		Realizada	
					Aprazada	

PARA ORGANIZAR AS SESIÓNS SEMANAIS DAS TICS	CLAUSTRO				Pendente	
AO1.2: INCLUÍR PROPOSTA EN PROGRAMACIÓN	EQUIPO DOCENTE	SETEMBRO	EQUIPAMENTOS CORPORATIVO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Traballar co alumnado as actividades programadas	PROFESORADO ENCARGADO DE LEVAR A CABO A HORA DE TICS	XUÑO	PDI, ORDENADORES, TABLETS, RECURSOS EN REDE...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3. 4.Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre, a través de indicadores significativos que valoren o estado da execución das accións, a análise e os resultados obtidos así como, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora que se reflexará nun informe final que formará parte da Memoria Anual do Centro.

□ En canto a competencia dixital dos docentes, pódese avaliar a través da ferramenta SELFIE, comparando resultados obtidos do curso escolar 21/22- 22/23.

4. 5.Difusión do plan

A estratexia ou protocolo que se levará a cabo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será a través do Blog do centro C.R.A A LAGOA (<https://craalagoasalvaterra.blogspot.com/>)

WEB : <https://www.edu.xunta.gal/centros/craalagoa/>

e Instagram :Cra A Lagoa (@cra_a_lagoa).